



NOTA DE PRENSA 18 de febreiro 2022

A D.O. Ribeira Sacra abriu as feiras internacionais en Vinexpo e prepárase para Prowein

12 referencias da D.O. Ribeira Sacra, pertencentes a 12 adegas da zona, degustáronse esta semana en **Vinexpo, en París**, na primeira acción de promoción conxunta levada a cabo pola Asociación de Consellos Reguladores do Viño de Galicia e das I.I.XX. Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (ACRUAGA). Era a primeira vez que os viños e licores autóctonos galegos, amparados baixo diversos selos de calidade, promocionábanse de forma conxunta no exterior.

A cita de París foi o primeiro gran encontro vinícola internacional do ano. O sector do viño e as bebidas espirituosas recibía con gran expectación Wine Paris & Vinexpo Paris, que conta con 2.800 expositores de 32 países durante tres días. Desde o C.R.D.O. R.S. valoran positivamente a volta ás feiras internacionais despois deste tempo de pandemia. En París o visitante sorprendeuse co diferentes que son os viños da D.O. Ribeira Sacra en relación con outros viños españois que acoden habitualmente a Vinexpo, era a primeira vez que a D.O. Ribeira Sacra acudía a París, xa que antes da pandemia a feira celebrábase en Burdeos. "Era esa posta en escena de volver outra vez ás feiras internacionais. Non había a cantidade de viños internacionais que normalmente hai nesta cita, pero Francia fixo un gran esforzo e alí estaba toda Francia e outros países do mundo á expectativa, a ver como funcionaba e como ía todo e parece que as feiras que están por vir como Prowein volverán ser eses grandes eventos ao redor do viño," sinala o **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**.

ACRUAGA intégrana os Consellos Reguladores do Viño e Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia para dar cobertura a un convenio de colaboración subscrito co IGAPE cuxo fin é a promoción internacional dos viños e destilados amparados baixo os selos de calidade diferenciada de Galicia. ACRUAGA impulsará accións de formación e difusión dos viños galegos con D.O. Ademais de Vinexpo a asociación estuda participar en xuño na London Wine Fair, a feira vinícola máis importante do Reino Unido.

A maiores desta promoción internacional conxunta a D.O. Ribeira Sacra espera acudir a outras feiras ao longo do ano, a seguinte Prowein, como apunta José Manuel Rodríguez, "A situación de pandemia dificulta prever as accións promocionais nas que participará a D.O. Ribeira Sacra e os seus viños, pero se as condicións permíteno, os viños da D.O. Ribeira Sacra estarán en Xantar, Gourmets, Prowein ou Fenavin e os diferentes concellos tentarán celebrar as súas feiras do viño. Seguiranse buscando alternativas para trasladar ao consumidor o sabor dunha paisaxe e a importancia de apostar polos viños con D.O. como motores socioeconómicos dos territorios."